

# NA CAPITAL DO CORPO

Por Fidel Vidal

## 1. CORPO E PSIQUE

Para os gregos clásicos non existía ningún antagonismo entre a *psykhé*, as emocións, e o *soma*, o corpo. Para eles a *psykhé* era simplemente o correlato mental do soma, e a palabra que facía referencia ao “eu”<sup>1</sup>. Desde a mítica horda primitiva, o home pegado e apegado á natureza, hai unha liña fronteiriza desde onde se dá o salto ao home cultural, o home atado pola Lei, a lei universal da prohibición do incesto, que persiste e faise máis evidente unha vez morto o pai. Morre o pai no intre en que este se nomea como tal, até entón macho forte da horda. Se no seu lugar fica a Lei é porque o nome do pai quedou acuñado.

Fame, sede, coito. O instinto move á satisfacción das necesidades primarias convertido en pulsión, e a necesidade en gozo. Afastamento do organismo natural, pendente do equilibrio *homeostático*, para dar paso ao desexo, prendido á palabra, preso e apresado nela, pola que se fai libre, mais nunca satisfeito. Asistimos a unha caída libre sempre negada. Trátase da verdade que anega o corazón do abismo, a pureza do baleiro. Liberdade capaz de ensimesmarse e converter o silencio n’O silencio.

*De que profundidades a exclamación o corpo,  
que vén de aí, de que animal antigo  
tanto instinto a ferver, irremediábel sombra  
ou fogo que estremece.*

(“Razón do corpo”, p. 13)<sup>2</sup>

A muda, a metamorfose do animal en home, segredo da filoxénese antiga a perdurar na ontoxenia, “*que existe aquí, no punto do fulgor / na cifra húmida e fondo do tempo*”, e perdura en cada home que resiste a regresión desde a beleza:

*Esta é a razón do corpo, o seu secreto triunfo,  
a súa metamorfose de beleza (p.13)*

Entrementres noutros lares morren corpos a oito a causa de todo tipo de pragas e de guerras, nos nosos estamos a vivir unha ditadura sanitaria en pos da hixiene, con pases de revista periódicas con controis de constantes e niveis, e pór orde naqueles onde se dea o máis mínimo desaxuste. E o corpo, en boas condicións e funcionando, pasa a ser corpo enfermo por mor dun asterisco. Velaquí a causa de que a metade da poboación

---

<sup>1</sup> DODDS, E.R., *Os gregos e o irracional*, Madrid, Alianza, 1999. pp. 136-137.

<sup>2</sup> FERNÁN VELLO, Miguel Anxo, *Capital do corpo*, Premio Miguel González Garcés, Deputación provincial, A Coruña, 2004. Todos os poemas citados pertencen a esta obra.

este aprendendo, como se até ese intre xamais o fixera, a respirar, a relaxarse, e condenada a correr polos paseos construídos á medida, portando na man unha botella de auga. Seica é bo para o corpo. Morrer de hixiene: que llo pregunten ao padre Sarmiento. O corpo tórnase obsesión pola hixiene. Calquera cousa que se faga con el, digamos pasear, comer, beber, fumar, bailar, foder, etcétera, está en función de se é bo ou malo para a saúde do corpo. O corpo paranoico pendente do que dirán, sobre todo os expertos e as máquinas, os médicos e as análises. Temos a obriga de librármonos de paranoias e obsesións para converter o corpo nunha capital e nun capital, onde o gozo sexa posíbel. Un capital en alza do que sacar o máximo proveito como se de intereses financeiros se tratara. A percepción do mesmo, como toda percepción, está instalada no actual, aparece como presente e debemos tomalo como un presente, un agasallo do que compracerse. O corpo “eróxico”, por moito que os moralistas e hixienistas o intenten, é imposíbel reduci-lo á súa expresión física ou fisiolóxica. A pulsión freudiana deixa de ser un concepto límite entre o corporal e o psicolóxico para ser capaz de negar a separación dos termos en cuestión. O corpo na busca da pureza, sabendo que a bioloxía, o vivinte, “non é suficiente para facer un corpo, a carne é violentada polo símbolo, e só por el, o home é home.”<sup>3</sup>

*Non hai outra pureza que esta: o fanal do desexo*  
(“Razón do corpo, p. 13)

*Escoita, corpo, o teu desexo,  
esa voz luminosa,  
ese tacto interior.*  
(...)

*Levas no centro da túa carne,  
puro animal ferido,  
unha brasa de amor.*

(“Escoita, corpo”, p. 16)

## 2. A PALABRA

Estamos a falar do corpo apalabrado, non tanto do corpo do que se fala coma do corpo formado pola palabra, ou cuberto por ela, e que lle permite inscribirse no discurso. Sen ese pase que consinte a entrada no discurso non sería posíbel o corpo “humano”. Algo semellante a unha “denominación de orixe”. A orixe, en contra das aberrantes participacións e contribución xudiciais, cae lonxe da bioloxía, non reside na xenética senón no documento que a acredita. O corpo apalabrado é o corpo marcado, chapado, rexistrado na palabra e pola palabra. O noso corpo biolóxico e anatómico trócase en corpo psicolóxico, eróxico, ligado á vida desde o principio de pracer, grazas á metamorfose realizada a través do verbo: O corpo humano da traxectoria do suxeito ligado ao desexo. As palabras son a auténtica materia dos actos e dos síntomas, da mesma vida feliz ou atormentada dos seres humanos.

Cada obra, libro, ou poema, teñen, coma os acontecementos de Jabès, un nacemento, un comezo e un final, unha morte, entendida como unha forma de remate, sexa ou non coa intención de permanecer, ou continuar nun traxecto distinto. O libro é quen nos libra,

---

<sup>3</sup> LACAN, *Escritos I*, “Función e campo da palabra”, México, S. XXI, 1971, p. 96

quen nos libera da morte, porque o libro é feminino, onde se garda a creación, a letra impresa, na que se almacena e da que xorde o saber, cando se abre, cando se pare. Abrir o libro, amosar o saber, o saber de “libro aberto”, é ensinar a orixe, até o papel, deica á mesma fondura cuneiforme da arxila. É na fenda, no oco acuñado na materia, onde reside o saber. O saber do baleiro, canto máis abundante máis enchido de saber. Porque o desexo nace dunha falta, da fenda que xamais se dá cuberto. Librar é librarse, aliviar como gozo, a través do significante, do dicir, que loita contra a morte. A vida, di E. Jabès, non é máis que a morte que vibra.<sup>4</sup>

*Palabra corporal:  
profecía  
do desexo,  
vibración  
no tempo,  
libro  
da morte (p.62)*

Libro da morte, libre da morte. Porque o teu corpo é un libro de pensamentos que non saberíamos ler na súa totalidade. E andaríamos arredor del sen freo, sen parar. Pero trátase da palabra que marca e violenta o home que o converte en persoa. O home faise tal no intre en que é marcado pola palabra:

*A palabra é un tecido  
que ilumina  
o corpo. (p. 46)*

### 3. A DOR

A dor implica un afecto que se inscribe no real do corpo. Coa dor é que somos conscientes do corpo, do corpo dorido, dunha parte do corpo que doe. Non hai outra ocupación que a dor cando a esta aparece como raíz dos síntomas corporais. Os síntomas e os actos poderían ser, literalmente, palabras atrapadas no corpo (Freud).<sup>5</sup>

Na enfermidade orgánica o paciente retira regularmente todo o seu “interese libidinoso” do mundo exterior e dos seus obxectos de amor, ao tempo que se reprega cara a unha libido sobre o seu ego. Para ilustralo, Freud cita unha frase sumamente elocuente a propósito dunha dor de moas do poeta W. Busch: “A súa alma está concentrándose no estreito buraco do seu molar”. Cando se realiza semellante sobreinvestimento narcisista enriba “da representación psíquica do lugar doloroso [do corpo]”, a libido deixa de circular.<sup>6</sup>

Porque nacemos sendo corpo dun corpo, desde a “outredade” imaxinaria onde nos reflectimos como unha fragmentación que se vai estruturando camiño dun eu, é por iso que, ante a dor ou a angustia, sentimos o pánico da regresión ao fragmentario que nos pode mancar ou castrar. Temor e angustia de castración como nuclear ante o síntoma.

---

<sup>4</sup> JABÈS, Edmon, *O libro das semellanzas*, Madrid, Siruela, p. 40

<sup>5</sup> Cf. LEADER, D. Groves, *Lacan para principiantes*, Buenos Aires, Era Naciente, 1951

<sup>6</sup> NASIO, Juan David, *Ensinanza de 7 conceptos cruciais da Psicanálise*, Barcelona, Gedisa, 1973, p. 73.

Un corpo co que temos que vivir e convivir. Ou vivir, como Kafka, exiliado no seu propio corpo<sup>7</sup>. Ou como refuxio, onde a salvación é posíbel desde o auxilio da palabra: porque se trata de falar: “Só quero este socorro: falarvos. Non sospeitaba canto nos domina esta primeira moral de neno, nin que pregamentos deixa no espírito”.

Falar de que? Do corpo. “Vou falar con longura do meu corpo. Tanto que ao principio parecerá que me esquezo da parte do espírito”. “Do espírito e do resto ocupareime máis tarde, cando estea mellor.”<sup>8</sup>

Estrañeza do corpo que queremos estrañar cando doe pero que se fai máis noso polo mesmo, polo mal da ferida persistente, que se expulsa para ser integrado na natureza da que procede, e que devén, por mor da palabra e do desterro, home e poema no que nace e morre e vive.

*Hai unha ferida que se oculta no pensamento  
cando nace o poema.*

*O corpo é un ser desterrado.*  
(“Dialéctica” p.35)

Que fai que un poema sexa máis memorábel ca outro?, pregúntase H. Bloom, e a súa resposta é unha resposta nietzscheana: O poema poderoso é o que “repite e conmemora unha dor primordial”. “A dor é o sentido.” (Nietzsche)<sup>9</sup>

*Adivíñame, ausencia,  
sopra sobre esta dor  
sen froito,  
para que naza a voz,  
o misterio  
corporal  
do poema. (p.48)*

#### 4. O OUTRO CORPO

Como alcanza o neno a dominar a relación co seu corpo sabendo que, ademais de prematuro, nace atrapado polo ambiente no que nace? Roger Caillois alegou que había unha sorte de lei natural pola que os organismos son capturados polo seu ambiente, tomando por exemplo, a cor do espazo circundante. Coidemos que non é igual que un organismo simule unha cor a que o tal organismo sexa capturado pola cor do lugar. Tal comportamento relacionouse cun xeito de defensa. Se así fose non sería posíbel que, estatisticamente, os animais predadores tiveran na súa alimentación, maior número de pezas daqueles incapaces da mimese. Para sorpresa dos estudosos os resultados dan un cincuenta por cento para cada lado. Segundo Lacan o neno identifícase cunha imaxe que está fóra del [allea, alienación], e que pode ser unha imaxe real no espello ou simplemente unha imaxe doutro neno (Leader). En Occidente, amósanos Roland Barthes, o espello é un obxecto esencialmente narcisista: o home só pensa no espello

<sup>7</sup> Cf, AUSTER, Paul, *A ate da fame*, Barcelona, Edhasa, 1992.

<sup>8</sup> GIDE, André, *O inmoralista*, Barcelona, Argos Vergara, 1981.

<sup>9</sup> Cf. BLOOM, Harold., *Onde se atopa a sabedoría?*, Madrid, Taurus, 2005.

para mirarse nel; pero en Oriente, segundo parece, “o espello está baleiro; é un símbolo incluso do baleiro dos símbolos (“O espírito do home perfecto”, di un mestre do Tao, “é como un espello. Non colle nada pero tampouco rexeita nada. Recíbe, pero non conserva”).<sup>10</sup>

*No espello non hai nada.  
Nin sequer o seu brillo  
Xa non devolve a imaxe  
do que somos.  
[...]  
No espello non hai nada  
Só a negra sombra  
que nos olla  
lonxana.*

(“Corpos perdidos” p. 34))

O que se produce a nivel do soporte ten que ver co que se articula no discurso. O soporte é o corpo. E o corpo, desde o momento en que se parte do gozo, non está só: hai outro corpo.

*Hai outro corpo en nós...  
[...]  
Somos a luz aberta sobre un río lentísimo,  
corpo de corpos nus fundíndose no tempo.  
Unha caricia é un corpo dividido  
[...]  
Somos no mesmo alento a afirmación do corpo  
como un lugar moi leve, un labio compartido  
para selar a entraña da nosa existencia.*

(“Corpo plural dos amantes” p. 21)

O intercambio entre os suxeitos e o Outro, polo que o gozo queda apalabrado, sitúase arredor dos buratos do corpo, lugar no que se recortan os obxectos que median entre o suxeito e o Outro: voz, mirada, seos, feces. Obxectos dos que o neno deberá desprenderse, polo que se constitúen en símbolos da orixinaria perda de gozo, á vez que neles se localiza a satisfacción libidinosa. Non se termina de intentar recuperar as perdas, porque para salvar a vida hai que entregar a bolsa. Lacan di do Inconsciente que é un saber ligado ao significante, organizado arredor dun non-saber xunguido ao corpo.

Pero moitas veces ese saber ligado ao corpo trabúcase desde a anatomía para ser o que debe ser: unha idea. O travestido ve no corpo non unha natureza senón unha idea de muller. O travestido occidental quere ser unha muller, o actor oriental non busca nada que non sexa combinar “os signos da Muller.”<sup>11</sup> Así a escritura, segundo o dicir de Mallarmé, faise con xestos da idea. Pártese do baleiro onde é posíbel a escrita, é dicir, nada, en tanto se trata da representación dunha ausencia ou do inexistente. “Isto non é unha pipa” (Magritte).

O baleiro que se enche con outro baleiro, a metáfora do Nome, de Deus, ese deus que

---

<sup>10</sup> BARTHES, Roland, *O imperio dos signos*, Madrid, Mondadori, 1991, p. 105 .

<sup>11</sup> BARTHES, R., *op.,cit.*, p. 128

está en todas partes e en ningures, e non acode cando o chamamos e só dá sinais para uns poucos elixidos, ou do Pai, ese que non aparece porque xamais existiu ou porque nos abandonou. Só fica o nome, a palabra iluminadora e delimitadora da ausencia, e do silencio.

*A conciencia do poema  
está no seu silencio:  
un corpo  
que aínda  
non existe. (p.47)*

## 5. DA IMAXE E DO SIMBÓLICO

O simbólico “outrifica” o corpo, faino “outro”, un corpo que vén ser un anoadado de tres corpos: o corpo do simbólico, o organismo no que o simbólico parasita e que fai corpo real e o corpo que cremos ter. O corpo do simbólico posibilita outro corpo; o imaxinario, que é o único que teremos para captar algo do corpo real. Só por iso, en tanto falantes, podemos dicir, sentir e crer que “temos” un corpo.<sup>12</sup> “Iso que chamo o meu corpo é froito de cantidade de descubrimentos.”<sup>13</sup> Sobre todo o descubrimento do meu corpo desde o outro que o descobre e para dicilo coas únicas palabras necesarias.

*As únicas palabras  
necesarias  
do corpo:  
ti. (p.57)*

Se A ama a B, quizais haxa unha propiedade en común entre ambas partes. Talvez teña razón Wittgenstein<sup>14</sup> cando afirma que os argumentos non fan outra cousa que prexudicar a beleza dunha idea ou, co seu permiso, dicimos nós, un poema, porque lle dá a sensación de estaren a tocar unha flor coas mans sucias. Quedémonos cos versos:

*Entre o ti e o eu  
nace o fío  
secreto  
do corpo*

*Entre o ti e o eu  
nace o fío  
secreto  
do mundo.*

---

<sup>12</sup> Cf., COUSO, O.M., “O corpo na psicanálise”, [www.efba.org](http://www.efba.org).

<sup>13</sup> VALÉRY, Paul, *Monsieur Test*, Madrid, Visor, 1999, p. 79.

<sup>14</sup> Cf. NOLL, Justus, *Ludwig Wittgenstein y David Pusey*, Barcelona, Muchnick, 2001, p. 65.